

## Novos tempos para a música tradicional

Rodrigo Romaní

e-Trad (Escola Municipal de Música Tradicional e Folk) - Concello de Vigo

e-trad@vigo.org

***A creación da e-Trad (Escola Municipal de Música Folk e Tradicional) vén poñer orde nun sector no que campaba a máis absoluta desorde. Só o tempo se encargará de amosar a contribución desta escola ao eido musical. De momento xera boas expectativas ao sistematizar uns estudos que estiveron moito tempo atendidos, na súa maior parte, polo sistema non regrado, e permite divisar o seu potencial para poñer en valor a identificación etnicitaria, tan necesaria na sociedade multicultural na que vivimos.***

### Palabras clave

Folk, música tradicional, conservatorio, e-Trad, formación regrada.

En 1983, cinco anos despois da primeira e modesta edición do Festival do Mundo Celta de Ortigueira, no que participaron Milla doiro, Pat Kilbride Group (Escocia), Kornog (Irlanda), Gwerz (Bretaña), Pennou Skoulm (Bretaña), constatamos un feito que a sociedade galega de entón aceptou de bo grao: a recuperación do mito do celtismo como elemento distintivo da música e cultura galegas, que xa no século XIX enchoupaba a cosmovisión do universo galai co e debuxaban intelectuais do Rexurdimento, encabezados por Manuel Murguía. A reinterpretación da música tradicional, considerada a principios do 70 como algo pasado, pertencente ao sistema ideolóxico do franquismo, abría o camiño á súa explotación comercial e á súa integración nun concepto máis actual da identidade etnicitaria de Galicia. Ao mesmo tempo, a cidade de Vigo atraía as vangardas artísticas á procura dos postulados posmodernistas que a movida dos 80 propoñía por primeira vez nun contorno inconfundiblemente urbano. Dende o poder municipal percibíase a alta rendibilidade sociopolítica que a explotación destas movidas culturais podía achegar.

Naquela época chegaba a Vigo Antón Corral, referente da música tradicional para os grupos que protagonizaban o nacente folk galego. Viña convidado polo concello para crear, dentro da estrutura da Universidade Popular, o Obradoiro de Instrumentos Populares Galegos. Este sería un lugar frecuentado polos protagonistas da frutífera segunda xeración de cultivadores da música tradicional recreada en clave urbana: Carlos Núñez, Anxo Pintos, Xosé Manuel Budiño, etc. Á vez, na propia Universidade Popular funcionaba a Aula de Música Moderna, dirixida por Bibiano Morón, persoeiro da movida viguesa dos 80, e antigo integrante de Voces Ceibes, co-

lectivo musical de finais dos 60 e principios dos 70.

No obradoiro empézanse a impartir, non só as técnicas de construción dos instrumentos (gaita, pito, requinta e zanfona), senón tamén rudimentos de interpretación que os alumnos desenvolven posteriormente dun xeito autodidacta, aprendendo de vista e oído dos gaiteiros da época (Ricardo Portela, Moxenas, Enrique Otero) e adaptando técnicas importadas doutros países (gaita escocesa, percusión irlandesa, ...). A comezos dos 90, Ramón Casal, discípulo de Antón Corral, crea na Universidade Popular unha Aula de Luthería Antiga na que se constrúen arpas célticas. Á vez, convócase o primeiro curso deste instrumento, impartido por quen isto subscribe, cunha orientación de contidos baseada no acompañamento harmónico e rudimentos de interpretación de repertorio de orixe galega, transcrito ou arranxado para a arpa.

Estes procesos tiñan que desembocar, necesariamente, no artellamento do que entón se chamou o Conservatorio de Música Tradicional da Universidade Popular, unha creación que levou a cabo o daquela concelleiro de Educación e presidente da Xunta Reitora da institución, Xulio Calviño. O Conservatorio de Música Tradicional nacía así como un centro dentro doutro centro, na liña educativa alternativa que promovían estas institucións. Por vez primeira, creábanse aulas e especialidades que, dunha banda, se centraban na música de tradición oral como obxecto de aprendizaxe (aula de Canto Popular, aula de Gaita, aula de Zanfona) e doutra, trasladaban os patróns urbanos á moda folk, adaptando o repertorio tradicional en instrumentos cuxa etnicidade era máis ben dubidosa, de procedencia foránea ou uso circunscrito a determinadas zonas xeográficas (requinta, violín ou

**O ensino superior de música de tradición oral crea excelentes especialistas dun instrumento que non está feito para o alto nivel esixido ao virtuoso de música clásica**

arpa céltica). A súa beira, Linguaxe Musical ou Etnografía e Folclore, pretendían vertebrar un discurso pedagóxico que contextualizaba e modernizaba a visión da música tradicional como obxecto en continua transformación: concrétese o termo tradicional e aplícase aos procesos de transmisión deses materiais musicais, ao tempo que se sitúa o termo folk como a re-interpretación en clave urbana deses procesos.



Na súa sempre conflictiva relación co mundo culto, e no ámbito da pedagogía e da divulgación, a música de tradición oral non pasou de ser un material utilizable, ben para a recreación de obras cultas nos séculos XIX e XX, convenientemente harmonizado e culturizado; ben como material de uso nos procesos primarios da educación musical, debido á súa pretendida sinxeleza e inxenuidade; ben como presenza testemuñal para xustificar un rol presuntamente integrador nos currículos dos conservatorios oficiais.

Ata finais dos anos 90 do século pasado, só se podían estudar disciplinas asociadas á música de tradición oral en contados conservatorios. Aínda hoxe, o seu regulamento oficial non forma un sistema lóxico de coñecementos e destrezas interrelacionadas. Máis ben, o seu ensino regrado superior peca da síndrome do virtuoso: crea excelentes intérpretes especialistas dun instrumento, cuxa concepción non está feita para os altos niveis de rendemento esixidos ao virtuoso concertista de música clásica.

Así, a obtención do título superior en Instrumentos da Música Tradicional nos diversos e escasos conservatorios superiores de España nos que se imparte, consiste, aínda na actualidade, en asimilacións dinámicas de organización didáctica que dan como resultado, non expertos en música tradicional ou folk, senón excelentes concertistas dalgún dos seus instrumentos (txistu, tenora, dulzaina, gaita...) para os que os compositores, polo xeral, non escriben obras cultas ou concertos. Todo isto, sen deixar de lembrar a ausente e indispensable función investigadora inherente aos estudos de ciclo superior de rango universitario.

### **Tempos de cambio**

A pesar das inercias apuntadas, na actualidade percíbense síntomas de cambio e actualización, aínda que son principalmente as actividades externas ao ensino regrado as que están a manter criterios pedagóxicos integradores. No estudo que a Fundación Sondeseu fixo público no ano 2006 (Libro Branco do Ensino da Música Tradicional) achéganse datos que confirman a existencia de moitos profesionais,

centros e alumnado cuxa principal actividade xira arredor da transmisión da música e a danza de tradición oral. O mesmo traballo indica que os mestres desta especialidade aprenden o seu oficio fóra do ensino regrado. Así mesmo, profesores de Música de primaria e secundaria enchen as aulas do Conservatorio de Música Tradicional da Universidade Popular de Vigo en busca dun lugar no que poder complementar a súa formación.

Este é o contexto real no que se están desenvolvendo as actividades do Conservatorio de Música Tradicional dende a súa creación, despois de ter mudado o seu nome polo de Departamento de Música Tradicional e Folk da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo. No curso 1996-1997 abría o curso ofertando formación en Gaita e Percusión (impartidas por Xaquín Xesteira), Violín Folk (Quim Farinha), Canto Popular (Felisa Segade), Zanfona (Anxo Pintos), Arpa Céltica (Rodrigo Romani), Etnografía e Folclore, e Linguaxe Musical (Xaime Estévez). Nese momento, o alumnado estaba composto por 150 persoas, das 160 que solicitaran a súa admisión, e impartía 90 horas semanais de clase. Catro anos despois, eran 290 os alumnos e 133 as horas de clase á semana. En 2001 aparece o Conservatorio Folque de Lalín dedicado ao mesmo labor e cunha concepción de partida semellante, aínda que con cifras moito menores, tanto de dedicación horaria como de alumnao. Hai que salientar, non obstante, que durante estes últimos anos o conservatorio de Lalín realizou un gran despregamento de cursiños e clases de máster.

Unha das actividades habituais en todos os centros educativos é a creación de conxuntos instrumentais. Neste eido, o Conservatorio de Música Tradicional, debía incluír obras nas que estivesen representados os instrumentos das diferentes especialidades. A dife-

renza da música culta ou do jazz, a falta de arranxos e harmonizacións era absoluta, e os propios mestres tiñan que dedicarse á fabricación dun repertorio novo baseado, tanto no arranxo de temas da tradición oral, como na composición de materiais novos ao estilo folk.

Desta actividade naceu a Orquestra Folk Sondeseu, integrada por 40 alumnos, unha formación que logo ampliou o seu campo de actuación e pasou á práctica da música escénica semiprofesional, gravando dous traballos discográficos e estendendo os seus concertos ao resto de España, con incursións en Portugal, Irlanda e Francia. A Orquestra Folk Sondeseu acolle arestora as prácticas profesionais dos mellores alumnos do antigo Conservatorio de Música Tradicional.

A actividade do conservatorio, transformado xa en Departamento da Escola de Artes e Oficios non deixou de medrar. Introducíronse Historia da Música Galega e Requinta. Como contrapunto, e por falta de orzamento, suspendíase temporalmente Etnografía e Folclore e abríanse cursiños de duración curta. No curso 2006-2007 a cifra de alumnos chegou a 390 e recibían as súas clases nas mesmas 133 horas. O departamento necesitaba un cambio para poder atender a demanda, sen ter que baixar por iso a calidade.

### Nace un novo centro especializado

Dende o comezo da actividade, en 1996, os mestres das distintas especialidades viñan sendo contratados por obra ou servizo. O profesorado da escola dividiase entre contratados fixos e temporais. Os mestres do Departamento de Música Tradicional representaban, pouco máis ou menos, o 25% do total de profesores da Escola de Artes e Oficios e, non obstante,

## Profesores de Música buscan un lugar onde complementar a súa formación nas aulas do Conservatorio de Música Tradicional da Universidade Popular de Vigo

eran o 50% do colectivo temporal, en sintonía coas condicións xerais laborais dos profesionais do sector. A aparición das novas normas sobre contratación temporal de traballadores, e un informe da Consellería de Traballo, contrario a esta situación, favoreceron unha reforma pendente.

En 2007, a Escola de Artes e Oficios entra nunha nova situación na que se presenta a refundación do

centro para convertelo nunha institución educativa especializada en oficios artísticos, que mestura titulacións regradas de ciclos formativos profesionais, formación non regrada de adultos, e investigación, recuperación e formación en artesanías tradicionais. Dadas estas circunstancias, a Concellería de Educación decide propoñer a segregación do servizo de Educación en Música Tradicional e Folk para a constitución dun novo centro especializado, denominado e-Trad (Escola Municipal de Música Folk e Tradicional), de titularidade municipal. Tamén se decide nese momento que a adxudicación da súa xestión se faga a través de concurso público.

O novo centro aparece como unha alternativa á situación presentada nas conclusións do devandito estudo da Fundación Sondeseu. Da análise dos diferentes perfís do alumnado do antigo departamento tírase unha tipoloxía da demanda estruturada, atendendo a tres modalidades de oferta: a) un sector maioritario de alumnado que procura a práctica dunha afección, enriquecemento formativo persoal e opción de lecer relacionada coa práctica da música tradicional; b) un segundo sector que ingresa para complementar a súa formación, relacionada profesionalmente coa música (profesores de Música de ensino primario e secundario, estudantes dos conservatorios oficiais e profesionais do espectáculo que practican outros estilos, clásica, jazz ou música de bandas); c) un terceiro sector, o menos numeroso, que demanda orientación á música escénica, á creación e á interpretación, así como á pedagogía da música folk e tradicional dun xeito especializado e profesional. Estas son as liñas que inspiran o currículo deseñado pola e-Trad para o seu primeiro ano de actividade.

A e-Trad preséntase, pois, como un

centro polifuncional que ofrece formación a afeccionados, así como formación profesional en dous itinerarios distintos: un itinerario básico e único, e un itinerario profesional con dous niveis diferentes. Cada un dos itinerarios responde ao clásico esquema de materias da especialidade, materias troncais e materias optativas, que se deben cursar nun límite máximo de tempo, pero que permiten certa liberdade ao alumnado para facer a súa propia configuración cada curso, dentro da oferta educativa que posibilitan os recursos orzamentarios.

Cal é o papel que desempeña a e-Trad no contexto do sistema educativo? Pode achegar máis confusión ao, xa non moi claro, esquema da educación musical? Como se insire a e-Trad nun horizonte normalizado de ensino musical regrado na área de Música Tradicional e Folk?

Quizabes poidamos ilustrar as posibles respostas facendo outras preguntas: Cantos centros de educación musical regrada existen en Galicia cun departamento especializado en folk e tradicional, no que profesionais de prestixio e longa traxectoria exerzan o seu maxisterio?, Cal é o grao de adaptación do sistema educativo actual ás concepcións modernas do ensino musical, á variedade estilística da realidade contemporánea, ao Espazo Europeo de Educación Superior? Nun horizonte normalizado no ensino superior, que camiño hai que percorrer para ingresar no grao superior en Instrumentos da Música Tradicional, e que tipo de concepción do obxecto de estudo se necesita?, Onde se formarán os futuros mestres de todos estes niveis educativos?

Outro dos aspectos que quere fomentar a e-Trad é a práctica escénica profesional. Unha das premisas da formación profesional dos ciclos formativos é a práctica laboral posterior. Tradicionalmen-

te as bandas de música populares representaron un pilar fundamental na educación musical dos máis novos. Moitas veces eran a única alternativa de formación, e será moi difícil recoñecer na súa xusta medida o mérito destas bandas na realidade e na historia musical de Galicia. Nelas apréndese linguaxe musical, destrezas interpretativas, pero tamén a vida diaria do músico profesional, os seus problemas prácticos e frecuentes. Neste campo, os conservatorios revélanse a

**A nova Escola Municipal de Música Folk e Tradicional ofrece, ademais de actividades para afeccionados, formación profesional en dous itinerarios distintos**


miúdo incapaces de guiar a práctica profesional dos novos titulados. As institucións de educación musical profesional deberían prover os seus alumnos do coñecemento suficiente das ferramentas técnicas, artísticas e laborais relacionadas co seu oficio, de lexislación, de oportunidades de traballo e constitución de empresas, de produción de concertos e espectáculos, de técnicas de gravación e amplificación, etc.

Paralelamente, a e-Trad representa unha tentativa de sistematización que apunta, non tanto á investigación, función da educación regrada de grao superior, como á divulgación do folk e da música tradicional. Sirva de exemplo a importancia que se lles concede a actividades de tipo extraescolar entre as que destacamos dúas: a formación a distancia a través da rede e das TIC, e as experiencias de interculturalidade coas músicas de tradición oral das comunidades de inmigrantes en Galicia.

Na procura do labor divulgativo, a e-Trad propúxose elaborar un programa para a educación a distancia, que permita compartir arquivos audiovisuais en tempo real. Co dito programa trata de chegar a comunidades galegas no exterior, centros educativos doutras comunidades ou persoas individuais interesadas no tema, e poñer á súa disposición unha ferramenta útil, tanto de asesoramento como de formación directa, rachando, deste xeito, a barreira da distancia e do tempo.

No contorno urbano cada día é máis evidente que a estrutura social que vén é a dunha poboación formada por importantes colectivos de procedencias xeográficas dispares, tendente á formación de bisbarras culturais dispersas e illadas que, como no *american way of life*, lonxe de procurar a integración, dificulta a socialización do traballador inmigrante no seu

contorno laboral. A música de tradición oral posúe unha forza de identificación difícil de igualar. Por este motivo non é disparatado concluír que o seu cultivo, a súa aprendizaxe e o coñecemento do outro a través da música, pode ser un recurso aproveitable para facilitar a mellora no grao de integración. Deste xeito, a e-Trad ten a misión de organizar programas de interrelación coas músicas inmigrantes. O futuro será o que nos ensine a utilidade destes programas, así como a evolución da práctica educativa dun xénero que, para ledicia duns e laio doutros, pero para a riqueza cultural de todos, permanece intacto na súa carga de identificación etnicitaria.



## Bibliografía

- COSTA VÁZQUEZ-MARIÑO, L. (1997) Práctica pedagógica y tradición musical. *TRANS. Revista Trans Iberia* (número 1) <http://www.sibetrans.com/trans/transiberia/costa.htm>
- COSTA VÁZQUEZ-MARIÑO, L. (2004) Las rumbas olvidadas: transculturización y etnicización en la música popular gallega. *TRANS. Revista Transcultural de Música* (número 8) <http://www.sibetrans.com/trans/trans8/costa.htm>
- ESTÉVEZ, X. M.- LOSADA, O. (2000) *Crónica do folk galego*. Lugo, Trís Tram.
- VV. AA. (2006) *O LIBRO BRANCO DO ENSINO EN MUSICA TRADICIONAL.GALICIA*. [http://www.sondeseu.org/LIBRO\\_BRANCO.pdf](http://www.sondeseu.org/LIBRO_BRANCO.pdf)